

## CIRCULAR INFORMATIVA DE COMEZO DE CURSO

Narón, 11 de setembro de 2019

Queridas familias, como cada ano ao comezo do curso, dámoslles a benvida en nome de todos/as as/os compañeiras/os docentes e non docentes do CEIP "A GÁNDARA". Ademais queremos transmitirllas algunhas informacións prácticas e moi importantes:

### 1.- HORARIOS :

- No curso 2019/20 o **horario das clases** ao longo de todo o curso será de 9:00 h a 14:00 h, coa excepción do período de adaptación para Educación Infantil de 3 anos que rematará o 24 de setembro.
- **O horario de visita de pais** será de 16:00 h a 17:00 h todos os martes. Deben solicitar cita co/a titor/a con antelación a través dos seus fillos/as. De non poder ser nese horario intentaremos atendelos noutra de xeito excepcional.
- **Horario de atención ao público da administrativa:** de 9:00 h a 11:30 h e de 12:00 h a 14:00 h e os martes de 16:00 a 18:30.
- **Horario da directora:** luns e mércores de 12:20 a 14:00, martes e xoves de 9:00 a 9:50
- **Horario da secretaria:** luns de 13:20 a 14:00, mércores de 9:50 a 11:30 e xoves de 12:20 a 14:00.
- **Horario do xefe de estudos:** de luns a venres de 9:00 a 9:50.

### 2.- NORMAS REGULAMENTADAS QUE TODA A COMUNIDADE DEBE CUMPRIR:

- **Puntualidade.** No caso de que o/a alumno/a chegue tarde debe entrar sempre acompañado por un adulto. Unha vez que entren as filas pecharase a porta e o adulto que acompaña ao alumnado deberá asinar no Rexistro de Faltas de Puntualidade que está en conserxería e xustificar esa falta. Cando nun mesmo mes existan 5 destas faltas será comunicado ao xefe de estudos para que tome as medidas pertinentes.
- **Hixiene e boa conduta:** o/a neno/a ten que vir aseado/a e coa roupa limpa e respectar aos compañeiros/as, profesores/as, persoal do centro e as instalacións interiores e exteriores do colexio, de non facelo se aplicarían as normas correctoras recollidas no NOF.
- En todo o recinto escolar **non se pode fumar nin vir acompañado de animais. Tampouco se pode andar en bicicleta, patinetes ou outros que poidan causar dano aos nenos/as que están no patio. Pódese acudir ao colexio en bicicleta e patinete pero dentro do recinto hai que baixarse e levalo pola man ata a zona de aparcamento.**
- Para evitar posibles accidentes, lémbrese aos pais e nais que traen ao alumnado en coche particular que non poden entrar co seu vehículo no recinto escolar. Tampouco deben aparcar entorpecendo a entrada dos coches do persoal do colexio.
- **No horario lectivo os pais non deben entrar nas aulas** para non interromper a

correcta dinámica das clases, se o alumno/a chega fora do horario será a conserxe a encargada de acompañalo á súa aula. Non se debe falar co profesorado nas entradas das filas para evitar o colapso das mesmas e que os nenos/as suban sos ás aulas.

- **SAÍDAS:** A recepción do/a neno/a será diante da porta de saída, no patio cuberto de arriba. Os nenos non poden saír desta zona sen que os acompañen os pais/nais/titores legais, agás os/as nenos/as de 5º e 6º que poderán marchar sos para casa ao mediodía e despois do comedor ou das actividades extraescolares sempre que teñan autorización asinada polos pais/nais ou titores legais.

Cando **unha persoa diferente dos pais ou titores legais** veña a recoller a un alumno/a, **debe estar autorizado** por eles e ten que constar dita autorización na conserxería. **A mestra ou persoa responsable do neno pode solicitar que se identifique mediante o DNI antes de facerlle entrega do menor.**

- Polo risco de que persoas estrañas poidan dar ao alumnado produtos non desexados durante os recreos, tales como alimentos perigosos, larpeiradas e outros, solicítase a colaboración de todas as familias para que o alumnado se acostume a traer nas súas mochilas os alimentos de consumo propio do recreo. En caso de esquecemento, sen que iso constitúa hábito, deberase solicitar o correspondente permiso do profesorado de garda para a súa entrega persoal dentro do propio recinto escolar.
- Non poderán asistir ao colexio con **ningún tipo de aparellos electrónicos:** teléfonos móbiles, consolas, videoxogos, de incumprir a norma o aparello será requisado polo profesorado e será depositado en dirección. Logo será entregado aos pais do/a alumno/a que terán que xustificar porque se incumpriu a norma.

### **3.- MOI IMPORTANTE**

- Debido a que hai varios alumnos e alumnas alérxicos á inxesta e ao contacto a varios alimentos e con perigo da súa vida en caso de inxestión ou contacto, establecerase unha serie de alimentos que se poden traer para as merendas o mesmo que o curso anterior. **Están prohibidos os alimentos que conteñan froitos secos ou trazas, os que leven leite ou proteína láctea, os que conteñan ovo e os que teñan melocotón.** De producirse novas alerxias comunicárase por parte dos titores.
- **Nova colocación das filas para entrar:** Para axilizar a entrada do alumnado de educación primaria procederá a colocar as filas de diferente xeito; a numeración pintada no patio cuberto non corresponderá co curso no que estea matriculado o/a alumno/a. Ocuparase todo o patio cuberto e entraremos catro filas ao mesmo tempo usando as dúas portas de entrada, polos dous camiños marcados en cada porta e usando os catro tramos de escaleira. A orde de subida e logo saída das aulas correspóndese coa saída marcada no plano de evacuación do centro. **Para non entorpecer a entrada do alumnado os pais ou acompañantes non poderán estar no patio cuberto superior despois do primeiro toque de sirena, agradecemos a súa comprensión e colaboración. A sirena tocará ás 8:57 h** para que o alumnado saiba que é o momento de poñerse nas filas. Ás 9:00, hora da entrada, haberá un segundo toque de sirena máis breve. Como é a terceira vez que se

vai facer pedímoslles a súa colaboración para que esta nova norma funcione correctamente o antes posible

•**PIOLLOS.** No caso de que algún neno/a teña piollos pregamos que actúen da seguinte maneira:

1. Non o manden ao colexio mentres teña os parasitos ou as lendias.
2. Comunicalo ao centro no momento que llos atopen.
3. No caso que algún pai non cumpra con estas normas o colexio poderá non permitirle a entrada no centro ou apartalo dos seus compañeiros de clase para evitar a propagación da infección.

4º.- No taboleiro de anuncios do centro estará exposto o horario de atención ao público da equipa directiva, da directiva da ANPA e doutros servizos dos que dispón o centro. Pregamos que para facer calquera consulta ou observación se adapten aos horarios expostos.

5º.- Os temas relacionados coa ensinanza e a aprendizaxe das/os nenas/os deben falarse sempre en 1ª instancia coas titoras/es de cada alumna/o para así evitar malas interpretacións das informacións. Esa entrevista debe solicitarse sempre previamente e facelo de maneira privada, usando como medio a axenda escolar do alumnado ou unha nota escrita dirixida á titor/a correspondente.

6º.- No taboleiro tamén aparecerán os acordos e avisos importantes dos Órganos Colexiados do noso Centro, así como o horario de actividades extraescolares promovidas pola ANPA e o Concello en canto quede fixado.

7º.- As actividades complementarias tales como acudir ao Auditorio a ver obras de teatro, concertos, charlas... así como realizar saídas na contorna inmediata estarán planificadas con antelación, pero poden sufrir cambios xa que non dependen directamente do Centro. En todo caso, solicitamos a través do pequeno apartado final desta circular, autorización para realizar as mesmas.

En canto ás saídas de longa duración ou longo percorrido, xa solicitaremos unha autorización expresa, chegado o momento.

#### 8º.- OS DÍAS NON LECTIVOS SERÁN :

- Os **festivos de carácter xeral** : 1 de novembro, 6 de decembro, 19 de marzo , 1 de maio e 24 de xuño.
- O Consello Escolar solicitará a Delegación de Educación **dous días non lectivos** por non coincidir as festas locais con días de clases segundo consta no calendario escolar publicado no DOG. do 28 de xuño de 2019. Os días que se van solicitar son o **venres 20 de marzo e o luns 4 de maio de 2020** en acordo tomado cos outros colexios públicos de E. Infantil e Primaria do Concello de Narón. Informaremos cando os teñamos concedidos.
- O **Día do ensino** será o xoves **31 de outubro de 2019.**
- As **vacacións de Nadal** abranguerán desde o 21 de decembro de 2019 ata o 7 de xaneiro de 2020, ambos os dous inclusive. **Comezamos as clases o mércores 8 de xaneiro de 2020.**

- **Entroido:** os días 24, 25 e 26 de febreiro de 2020.
- As **vacacións de Semana Santa** abranguerán desde o 4 ata o 13 de abril de 2020.  
**Comezamos as clases o martes, 14 de abril de 2020.**

9º.- A composición da equipa directiva no presente curso é a seguinte:

**Directora:** Eva M<sup>a</sup> Bouza Rey.

**Xefe de estudos:** Enrique Blanco Guillén

**Secretaria:** Emma M<sup>a</sup> Salgueiro Veiga

10º.- Orientadora : **D<sup>a</sup> María del Carmen Ogaza Rojas.** Para falar con ela será necesario solicitar previamente cita.

11º.- O colexio ten unha páxina web, onde vostedes poderán consultar todo o relacionado con este centro. A dirección é a seguinte:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipgandaranaron/>

12º.- As instalacións exteriores, recinto escolar e pista polideportiva, son só para uso dos nenos e nenas matriculados no Colexio. Ditas instalacións, fóra do horario lectivo, só poden ser utilizadas polo alumnado que participe nas actividades extraescolares que figuren na Programación Xeral Anual do Centro.

13º.- Neste colexio temos **servizo de comedor**, a través dunha xestión indirecta da Xunta de Galicia. **O horario é o seguinte: de 14:00 a 16:00 horas.** É importante que os/as pais/nais dos usuarios coñezan o protocolo de funcionamento no que se establecen as normas de uso. Ningún alumno/a poderá facer uso do servizo de comedor se non o ten solicitado previamente e os seus datos están cargados no programa de xestión da Xunta. Para quedar ao comedor hai que avisar o día anterior ou o mesmo día antes das 9:30 h á encargada **Paula, tfno: 669533780**, que determinará se hai praza ou non, tamén se pode enviar unha mensaxe por whatsapp.

14º.- A ANPA "**Buxaina**" levará a **actividade de almozos de 7:30 a 8:45** da mañá para os "Madrugadores" que empezarán o día 12 de setembro. Se alguén quere falar coa directiva da ANPA pode facelo no seguinte horario: todos os días polas mañás de 9:00 a 9:30 horas e polas tardes, luns e mércores, de 16:00 a 17:00 da tarde **ou chamar ao teléfono: 669514834.**

GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN.

A Directora: Eva M<sup>a</sup> Bouza Rey

**É IMPORTANTE QUE CONSERVEDES ESTA CIRCULAR DURANTE TODO O CURSO. TAMÉN PODEDES MIRALA NA PÁXINA WEB.**

Remítide as **autorizacións** asinada a través dos vosos fillos/as aos profesores/as tutores/as.

## **AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO NO CURSO 2019-2020**

D/Dna.....CON

DNI Nº:..... como pai/nai/ ou titor/a legal do/a alumno/a.....

.....matriculado no curso.....

AUTORIZO que realice aquelas actividades que o Centro planifique de xeito ordinario ou extraordinario dentro da bisbarra de Narón e Ferrolterra.

Asdo:

## **AUTORIZACIÓN PARA O USO DE IMAXEN E VÍDEO NO CURSO 2019-2020**

D./Dna. ....

con DNI ..... como representante legal do/a alumno/a.....

.....do curso .....

Autorizo o tratamento da imaxe e vídeo do/a alumno/a en relación coas actividades escolares e extraescolares promovidas polo centro e polos responsables e autoridades educativas na páxina web do centro e na revista escolar durante o curso escolar 2019/20.

Así mesmo, recoñezo ter sido informado/a da posibilidade de revogación deste consentimento en calquera momento.

Asinado:



**AUTORIZACIÓN PARA QUE OS NENOS/AS DE 5º E 6º DE E. PRIMARIA POIDAN MARCHAR  
 SOS/AS PARA A CASA :**

D/D<sup>a</sup>.....con DNI nº:.....

pai/nai, titor/ra legal de.....do curso ..... de

educación primaria,

- SI / NON doulle autorización para que vaia solo/a para á casa ás 14:00 h á saída do colexio.
- SI / NON para que vaia so/a á saída do comedor escolar.
- SI / NON para que vaia so/a á saída das Actividades extraescolares ou PROA.

**(Riscar o que non proceda)**

Asino a presente autorización para que non se responsabilice a ninguén do que poda ocorrer no  
 traxecto do colexio á casa. Asdo:

Data:.....

.....



**DATOS PERSOAIS .**

Nome e apelidos do alumno/a:.....

Curso e Grupo: .....

**TELÉFONOS DE CONTACTO POR ORDE DE PREFERENCIA**

ORDE	NOME E APELIDOS	TELÉFONO	INDICAR A RELACIÓN CO ALUMNADO
1			
2			
3			
4			
5			

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Tipo de vía	Nome da vía	Número	Bloque	Andar	Porta
<b>CP</b>	<b>Provincia</b>	<b>Concello</b>	<b>Localidade</b>		

No caso de pais separados e que teñan custodia compartida deben cubrir unha autorización cada un deles se non existe causa xudicial que o impida.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Edificio Administrativo de San Caetano, S/N, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a [sxt.cultura.educacion@xunta.es](mailto:sxt.cultura.educacion@xunta.es).



**PERSOAS AUTORIZADAS A RECOLLER AO ALUMNADO.**

ALUMNO/A:.....CURSO:.....

ORDE	NOME E APELIDOS	DNI	INDICAR A RELACIÓN CO ALUMNADO
1			
2			
3			
4			
5			
6			

Nome da nai, pai, ou titor/a legal do/a alumno/a .....

Asdo:

No caso de pais separados teñen que cubrir unha autorización cada un deles de non existir causa xudicial que o impida. O nome dos pais e DNI teñen que constar tamén nesta ficha.

Esta medida é pola seguridade dos vosos fillos e a persoa encargada de recollelos debe mostrar o DNI para asegurarnos que é quen di ser. Pedimos a vosa colaboración xa que hai moito alumnado e profesorado de nova incorporación e ao principio non recoñecemos a todos os pais. Grazas pola vosa atención.